



O PERÍODO DE ENTREGUERRAS E O CRAC DE 1929



Josephine Baker bailando o charlestón no Folies-Bergère, París (Walery-PD by age)



ÍNDICE

O PERÍODO DE ENTREGUERRAS E O CRAC DE 1929

1. O PERÍODO DE ENTREGUERRAS E O CRAC DE 1929.....	1
1.1 A posguerra mundial. Da crise á euforia.....	1
<i>Exercicios</i>	2
1.2 As relacións internacionais no período de Entreguerras.....	3
<i>Exercicios</i>	4
1.3 O crac de 1929. Causas e consecuencias.....	5
<i>Exercicios</i>	7
1.4 Na procura de saídas para a crise.....	8
1.4.1 O New Deal americano.....	8
1.4.2 A autarquía alemá.....	9
<i>Exercicios</i>	10
SOLUCIÓN.....	11

1. O PERÍODO DE ENTREGUERRAS E O CRAC DE 1929

1.1 A posguerra mundial. Da crise á euforia

A época de Entreguerras (1918-1939) é un período de fortes contrastes. Ao comenzo da década, Europa atopábase sumida nunha forte crise derivada das catastróficas consecuencias da I Guerra Mundial e das dificultades de adaptar a economía a un mundo en paz.

As perdas demográficas, a destrución das infraestruturas e o pagamento das débedas contraídas complicaron o retorno á paz. A manifestación máis clara da crise foi o incremento desmedido dos prezos (*hiperinflación*) e o paro. Esta situación foi especialmente complicada na Alemaña, que ademais tiña que facer fronte ao pagamento das reparacións de guerra impostas no Tratado de Versalles.



1923. Xornal alemán anuncia que 1 dólar americano equivale a 1 millón de marcos alemáns (arquivos federais alemáns. Bild 102-00134-CC BY-SA 3.0 DE)

Ao outro lado do Atlántico, nos Estados Unidos, a situación era completamente distinta. O crecemento espectacular da súa economía, baseada no crecemento da súa produción industrial, reforzou o seu papel hexemónico a nivel mundial. O éxito dos novos métodos de organización do traballo e de produción favoreceron a redución dos custos, o abaratamento dos prezos e fixeron posible o consumo de masas estimulado pola publicidade e os novos sistemas de compra a prazos.



Non foi ata mediados da década que esta situación de prosperidade alcanzou Europa. A chegada de capitais americanos en forma de investimentos contribuíu a relaxar as tensións políticas e a deixar atrás a crise de posguerra. Isto fixo posible o comenzo dun período de expansión coñecido como *os felices anos vinte*, cando a sociedade se modernizou, a muller mellorou a súa situación e a cultura e a arte experimentaron un gran desenvolvemento.

Este período de prosperidade rematou de maneira dramática no ano 1929. A brusca caída dos valores da bolsa sumiu o mundo na maior depresión económica coñecida ata o momento e acabou por frustrar as esperanzas dun mundo próspero e en paz.

EXERCICIOS

Exercicio 1

Tras a I Guerra Mundial a hexemonía mundial pasou a estar ocupada por...

- a) Alemaña
- b) Xapón
- c) Estados Unidos
- d) Reino Unido

Exercicio 2

Os felices anos 20 fan referencia...

- a) Ao período de prosperidade que afectou o mundo a mediados da década de 1920
- b) A un programa radiofónico de moito éxito
- c) Á campaña publicitaria levada a cabo pola marca Ford
- d) Ao nome dun cosmético


1.2 As relacións internacionais no período de Entreguerras

A principios da década de 1920 as relacións políticas en Europa facían temer o recomezo do conflito. As tensións entre Francia e Alemaña foron especialmente preocupantes xa que o país xermano, sumido nunha profunda crise, era incapaz de facer fronte ao pagamento das compensacións económicas impostas no Tratado de Versalles. Isto era un problema moi serio para Francia, xa que dependía destes pagamentos para facer fronte á devolución dos préstamos que lle realizara Estados Unidos durante o conflito.

En 1923, o exercito francés ocupa a rexión alemá do Ruhr. Con esta medida pretendía compensar a falta de pagamentos dos alemáns e facerse cos beneficios das minas que se situaban nesta rexión. No entanto, a conflitividade social resultante da ocupación, os traballadores alemáns responderon á ocupación con folgas e desobediencia pacífica, non fixo máis que acrecentar a crise.

No ano 1924, Estados Unidos porá en marcha o Plan Dawes, que pretendía poñer fin a esta situación. Con base neste plan, Alemaña recibiu un préstamo do país americano que lle permite aliviar a súa problemática e facer fronte ao pagamento da débeda. Ao tempo, os aliados, unha vez recibidas as compensacións de parte de Alemaña, podían devolver os seus préstamos aos Estados Unidos.

Baseándose neste plan, os Estados Unidos recuperan con intereses os seus investimentos e ven reforzada a súa posición hexemónica no mundo. Ademais, o plan ten como consecuencia adicional favorecer a distensión entre os distintos países.



Plan Dawes

En 1925 asínase o **Tratado de Locarno**. Isto vai complementar o Plan Dawes á hora de buscar a distensión. Neste acordo, Alemaña recoñece as fronteiras establecidas no Tratado de Versalles con Francia e Bélxica, e comprométese a non revisalas no futuro. Tamén manifesta o seu acordo de manter neutral e desmilitarizada a rexión de Renania, aceptando os británicos e os italianos como garantes do compromiso. Por último, acordan resolver as súas disputas pola vía pacífica, acudindo a institucións internacionais para liquidalas. Dende a perspectiva negativa hai que destacar que este recoñecemento de fronteiras non se fixo extensivo ás trazadas polo Tratado de Versalles no leste da Alemaña, o cal terá importantes consecuencias no futuro.

En xeral, este acordo permitiu mellorar as relacións entre Francia e Alemaña. Tamén contribuíu a crear o denominado **espírito de Locarno**. Este foi un impulso pacifista que se transmitiu non só ás relacións internacionais senón que conseguiu acadar outros ámbitos da vida e será fundamental para entender o sentido *dos felices anos vinte*.



Por desgraza, esta situación empeorará na década de 1930, en especial coa chegada de Hitler ao poder na Alemaña, que denunciará o acordo principal do Tratado de Locarno e militarizará de novo a rexión de Renania.

EXERCICIOS

Exercicio 3

Cal dos seguintes acordos non foi acadado no Tratado de Locarno?

- a) O recoñecemento das fronteiras da Alemaña con Francia e Bélxica
- b) O recoñecemento das fronteiras da Alemaña no leste de Europa
- c) A desmilitarización de Renania
- d) A resolución dos conflitos pola vía pacífica

Exercicio 4

Explica brevemente en que consistiu o *espírito do Locarno*.

1.3 O crac de 1929. Causas e consecuencias

No ano 1929, a raíz do afundimento da bolsa de valores de Nova York, o mundo entrou nunha grave crise económica que tivo profundas consecuencias e da cal resultou moi difícil saír.

As causas da crise foron complexas, pero intentaremos sintetizalas en dúas:

- **Crise de sobreprodución.** Durante a I Guerra Mundial, cos países contendentes centrados no esforzo bélico, as súas achegas produtivas ao mercado mundial foron substituídas por novos países como Australia ou Arxentina. Porén, co retorno á normalidade e a reincorporación dos países que participaron na guerra á economía mundial, a produción agrícola e industrial medrou moi por riba das posibilidades de demanda do mercado. Isto provocou unha acumulación dos produtos sen vender (*stocks*) e favoreceu a perda do seu valor.
- **A especulación bolsista.** O incremento continuo do valor das accións na bolsa de Nova York foi unha constante durante a década dos anos 1920. O problema foi que este crecemento do prezo das accións non estaba baseado na economía real (os beneficios que xeraban as propias empresas), senón na pura especulación. Este proceso especulativo sostíñase polo recurso xeneralizado aos créditos bancarios. Os novos investidores pedían créditos aos bancos para investir en bolsa. Como os valores bolsistas non deixaban de subir, os bancos non tiñan problema en concedelos, quedando as propias accións como garantía de pagamento. O sistema funcionaba ben e xerou grandes beneficios mentres o prezo das accións aumentaba. O problema estaba en que os bancos estaban tremendamente expostos ante unha posible caída das accións, algo que, ante o importante desequilibrio existente entre a economía real e o valor das accións na bolsa, acabou por suceder.

En outubro de 1929, a venda masiva de accións provocou o pánico na bolsa e o colapso do mercado. Case 30 millóns de accións saíron á venda cunha demanda nula. O afundimento dos valores bolsistas provocou a ruína inmediata de moitas persoas, especialmente aquelas que realizaran as súas compras a crédito, que acabaron por perdelo todo.

O efecto do crac da bolsa na economía real foi moi rápido e trouxo consigo, primeiro, o colapso da economía dos Estados Unidos e, despois, o da gran maioría do mundo, debido á dependencia que tiñan dos investimentos norteamericanos. Foi o que se deu en chamar *a gran depresión*.



Crac de Wall Street. 1929. (Autor descoñecido- PDM 1.0)



As manifestacións da crise foron varias e moi duradeiras.

A perda do valor das accións provocou unha redución do consumo e do investimento que fixo que as consecuencias do crac da bolsa chegara á economía real. Moitos bancos afundíronse, xa que os cidadáns acudiron masivamente a retirar os seus aforros e moitos investidores foron incapaces de devolver os créditos.

As empresas viron como, a raíz da caída da demanda e a imposibilidade dos bancos de ofrecer novos créditos, as súas vendas e os seus beneficios desaparecían.

Isto supuxo o peche de moitas empresas, algo que tamén se fixo extensivo ao mundo rural, onde o afundimento dos prezos deu lugar á expropiación masiva de granxas por falta de pagamento.

A miseria foi a expresión máxima desta situación. Ante o peche das empresas, millóns de persoas perderon o seu emprego, o que xerou grandes problemas mesmo para a subsistencia. Por todo Estados Unidos xurdiron barrios de chabolas para albergar as familias que o perderan todo durante a crise.

A nivel internacional, a crise estendeuse a raíz da retirada por parte da banca americana dos seus investimentos no estranxeiro. Estes investimentos, que foran tan importantes na recuperación europea a mediados da década de 1920, van desaparecer, facendo reaparecer o malestar e a conflitividade social. Unha situación que alimentou as protestas e a crise dos sistemas políticos democráticos. A felicidade dos anos vinte foi substituída pola *gran depresión dos anos trinta*.



EXERCICIOS

Exercicio 5

As causas do crac de 1929 foron....

- a) A especulación bolsista e a caída da produción
- b) A redución do consumo e o incremento do valor das accións
- c) A sobreprodución e a especulación bolsista
- d) A inflación e o paro

Exercicio 6

O crac de 1929 estendeuse dende os Estados Unidos polo resto do mundo debido...

- a) A que o resto dos países se solidarizaron cos Estados Unidos
- b) Á retirada dos investimentos americanos
- c) Ao aumento do prezo dos produtos americanos
- d) Á caída da produción agrícola

1.4 Na procura de saídas para a crise

As primeiras medidas levadas a cabo para intentar facerlle fronte á crise estaban baseadas nos principios clásicos do liberalismo. O que indicaba a teoría era que o mercado tiña que regularse por si mesmo e que unha redución dos prezos acabaría por potenciar o consumo. Para alcanzar esta situación, levaron a cabo políticas de austeridade. Así, reduciuse o gasto público, baixaron os salarios e diminuíron o crédito. Estas decisións víronse complementadas coa implantación de barreiras ás importacións, que pretendían defender a produción das economías nacionais fronte ás importacións.

O resultado destas políticas foi absolutamente desastroso. De feito, as medidas proteccionistas e de austeridade non só non acadaron o seu obxectivo de potenciar o consumo senón que tiveron o efecto contrario, contribuíndo a agravar a crise.

En 1933, co obxectivo de dar unha resposta conxunta a nivel internacional á crise, ten lugar a *Conferencia económica internacional* en Londres. O egoísmo dos distintos países deu lugar a que rematara sen ningún acordo de consideración e que non servira de axuda para resolver a situación.

1.4.1 O New Deal americano

A procura de medidas alternativas para solucionar a crise chegará aos Estados Unidos no ano 1933, logo da vitoria de F.D. Roosevelt nas eleccións presidenciais. O cerebro de detrás das novas políticas ou do **New Deal**, como foi bautizado, será o economista J. M. Keynes, que defenderá a necesidade de revisar os principios do liberalismo clásico.




O presidente Roosevelt asinando a lexislación do New Deal (autor descoñecido- PDM 1.0)

A idea básica será que, para conseguir a recuperación e saír da crise, o Estado ten que intervir na economía e actuar como o seu dinamizador. Isto farase a través da regulación de moitos aspectos, como os investimentos na bolsa ou o saneamento do sistema bancario.

Ademais, a través do investimento nas obras públicas, o Estado tamén terá un papel clave na creación de postos de traballo, contribuíndo a reducir o paro e a reactivar o consumo.

Como complemento destas políticas, tamén porán en marcha medidas de carácter social, como a implantación do salario mínimo, a xornada de traballo máxima ou o establecemento de pensións de xubilación e de viuvez.

As consecuencias do New Deal, a pesar de que contaron cunha forte oposición, foron moi positivas, xa que conseguiron cumprir o seu obxectivo de reactivar a economía ademais de axudar a atenuar os efectos máis graves da crise.



Cartel que anuncia a construción dun edificio oficial en Louisiana (autor descoñecido- PDM. 1.0)

1.4.2 A autarquía alemá

Outro modelo alternativo para saír da crise foi o levado a cabo por Alemaña tras a forte crise que seguiu á retirada dos investimentos americanos despois do crac de 1929, e que contribuíu á chegada dos nazis ao poder. Este modelo denomínase autarquía e pretendía que a economía alemá fose totalmente autosuficiente, centrando o seu desenvolvemento nos recursos propios sen ter ningún tipo de dependencia do exterior. Este modelo xa fora posto en práctica con anterioridade pola Italia fascista durante a década de 1920 e posibilitara que se mantivera á marxe da crise.

Para acadar o seu obxectivo era necesario o control estatal da economía. Ademais, no caso alemán, baseouse no incremento do investimento estatal en obra pública e na industria militar. Isto, xunto coa introdución de novo do servizo militar obrigatorio, contribuíu a reducir o desemprego e reactivar a economía, pero estaba condenado ao fracaso a longo prazo, xa que, para o seu éxito, era necesaria unha política expansionista que só podía sosterse coa guerra.



EXERCICIOS

Exercicio 7

As primeiras medidas levadas a cabo para afrontar a crise defendían...

- a) A intervención do Estado na economía
- b) A autarquía económica
- c) Que o mercado se regulase por si mesmo
- d) Todas son correctas

Exercicio 8

O New Deal americano baseábase nas ideas de...

- a) Adam Smith
- b) Karl Marx
- c) J. M. Keynes
- d) David Ricardo



SOLUCIÓNS

Exercicio 1

Tras a I Guerra Mundial a hexemonía mundial pasou a estar ocupada por...

- a) Alemaña
- b) Xapón
- c) **Estados Unidos**
- d) Reino Unido

Exercicio 2

Os felices anos 20 fan referencia...

- a) **Ao período de prosperidade que afectou o mundo a mediados da década de 1920**
- b) A un programa radiofónico de moito éxito
- c) Á campaña publicitaria levada a cabo pola marca Ford
- d) Ao nome dun cosmético

Exercicio 3

Cal dos seguintes acordos non foi acadado no Tratado de Locarno?

- a) O recoñecemento das fronteiras da Alemaña con Francia e Bélxica
- b) **O recoñecemento das fronteiras da Alemaña no leste de Europa**
- c) A desmilitarización de Renania
- d) A resolución dos conflitos pola vía pacífica

Exercicio 4

Explica brevemente en que consistiu o **espírito do Locarno**.

O espírito de Locarno foi o impulso pacifista xurdido a raíz da sinatura do Tratado de Locarno en 1925 e que se transmitiu non só ás relacións internacionais senón que tamén



conseguiu acadar outros ámbitos da vida e foi fundamental para entender o sentido *dos felices anos vinte*.

Exercicio 5

As causas do crac de 1929 foron...

- a) A especulación bolsista e a caída da produción
- b) A redución do consumo e o incremento do valor das accións
- c) **A sobreprodución e a especulación bolsista**
- d) A inflación e o paro

Exercicio 6

O crac de 1929 estendeuse dende os Estados Unidos polo resto do mundo debido...

- a) A que o resto dos países se solidarizaron cos Estados Unidos
- b) **Á retirada dos investimentos americanos**
- c) Ao aumento do prezo dos produtos americanos
- d) Á caída da produción agrícola

Exercicio 7

As primeiras medidas levadas a cabo para afrontar a crise defendían...

- a) A intervención do Estado na economía
- b) A autarquía económica
- c) **Que o mercado se regulase por si mesmo**
- d) Todas son correctas

Exercicio 8

O **New Deal** americano baseábase nas ideas de...

- a) Adam Smith
- b) Karl Marx
- c) **J. M. Keynes**
- d) David Ricardo